



RESOLUCIÓN DO 14 DE MAIO DE 2021 DA XERENCIA DE ÁREA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE ABRE PRAZO PARA A INSCRICIÓN DE PROFESIONAIS DE DIVERSAS CATEGORÍAS NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL FIXO DAS CATEGORÍAS DE SANITARIO DIPLOMADO, SANITARIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 10 DE MARZO DE 2021

Exposición de motivos

En data 24 de marzo de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia nº56 o anuncio do 10 de marzo de 2021, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, polo que se dá publicidade da resolución da mesma data, pola que se convoca o procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Como consecuencia de tal convocatoria, abríronse os seguintes prazos de presentación de solicitudes e inclusión de méritos:

Persoal de xestión e servizos	15 días naturais desde o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria
Persoal sanitario de formación profesional	15 días naturais a contar desde o seguinte ao remate do prazo correspondente ás categorías de xestión e servizos
Persoal sanitario diplomado	15 días naturais a contar desde o seguinte ao remate do prazo correspondente ás categorías de persoal sanitario de formación profesional

Na convocatoria especificábase, na súa Base Terceira, que as solicitudes para participar no procedemento axustaríanse, necesariamente, ao formulario electrónico existente ao efecto na Oficina Virtual do Profesional (FIDES) e tras a súa impresión en formato papel, sería requisito imprescindible formalizar o rexistro administrativo mediante a súa presentación no rexistro do CHUAC (planta semisoto do Hotel de Pacientes do Hospital A Coruña) ou, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En sesión da Comisión de Traslados Internos definida na Base Cuarta do vixente acordo de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, celebrada o día 13 de maio de 2021, acórdase o seguinte:



“Tendo en conta que tras a publicación do anuncio da convocatoria de mobilidade interna do CHUAC correspondente ao ano 2021, non existiu a posibilidade material de formular a solicitude de participación nas categorías de TEAP, Enfermeiro/a Especialista en Saúde Mental e Agrupacións Profesionais, a Comisión acorda a apertura dun prazo de 15 días naturais para que o persoal estatutario fixo das devanditas categorías poda presentar a súa solicitude de participación.”

A Xerencia de Área Sanitaria da Coruña e Cee, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019 do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, acorda:

PRIMEIRO.- OBXECTO

Ábrese un prazo de 15 días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación da presente Resolución no taboleiro de anuncios do CHUAC (así como no taboleiro virtual do Espazo do Profesional), para que o persoal estatutario fixo das categorías de **TÉCNICO SUPERIOR EN ANATOMÍA PATOLÓXICA, ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA EN SAÚDE MENTAL e AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS**, poidan formular a súa solicitude de participación no procedemento de mobilidade interna voluntaria convocado por Resolución do 24 de marzo de 2021.

SEGUNDO.- NORMAS XERAIS

O proceso, no que se refire ás categorías sinaladas no punto Primeiro, rexerase polas Bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, que figuran como Anexo I á Resolución do 10 de marzo de 2021, pola que se convoca o procedemento de mobilidade interna voluntaria do devandito Complexo, no que non se opoña ao establecido na presente Resolución.

TERCEIRO .- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes de participación axustaranse, necesariamente, ao modelo que se xunta como Anexo I á presente Resolución, que deberá ser cuberto, impreso e presentado no rexistro do CHUAC (planta semisoto do Hotel de Pacientes do Hospital A Coruña) ou, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTO .- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria na data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia (24 de marzo de 2021).



Os méritos valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 56, do 24 de marzo de 2021).

Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático Expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes seguindo o procedemento descrito no Anexo II das bases. Non será obxecto de valoración neste procedemento de mobilidade interna voluntaria ningún mérito inserido no sistema informático e/ou acreditado polos participantes con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 14 de maio de 2021

O Xerente de área sanitaria da Coruña e Cee



SERVIZO
Área Sanitaria da Coruña
e Cee

XERENCIA

Asdo.: Luis Verde Remeseiro



ANEXO I

INSCRICIÓN DE MOBILIDADE VOLUNTARIA INTERNA

Datos Persoais:

Nome:	NIF:
Nacionalidade:	Data nacemento:
Enderezo:	

Categoría/Situación Administrativa

Categoría:	
Situación Administrativa:	
☐ Activo ou con reserva de praza	Data toma de posesión:
☐ Reingreso Provisional	Centro:
☐ Comisión de Servizo noutro Centro	

En _____, o _____ de _____ de 2021

Sinatura:

XERENCIA DA ÁREA SANITARIA A CORUÑA E CEE